

# AER DEVOLVE 8.000€ AO CONCELLO DE REDONDELA DAS “ASIGNACIONES AOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS”

AER presentou unha [moción no pleno de febreiro 2015](#) onde se solicitaba a creación dun [REGULAMENTO](#) para as ASIGNACIONES E SUBVENCIONES AOS GRUPOS POLITICOS MUNICIPAIS. Dita moción foi aprobada por UNANIMIDADE e chegouse ao acordo de crear dito Regulamento por parte de tódolos Grupos Políticos.

Despois deste tempo sen ter noticias, nin ver a mais mínima intención de crear dito regulamento por parte do resto de grupos políticos, que aprobaron esta nosa iniciativa no pleno do Concello, e tendo tan cerca a fin da lexislatura, a nós si nos gustan [AS CONTAS CLARAS](#) e queremos informaros de que esta é a postura de AER e a súa decisión, xa que non existe aínda ese citado regulamento, onde quedaría definida.

Informar de que a **Agrupación de Electores de Redondela AER** procedeu á **DEVOLUCIÓN de OITO MIL EUROS (8.000€) AO CONCELLO DE REDONDELA** que proveñen das **ASIGNACIONES AOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS** que recibe do mesmo:

ORDENANTE

GRUPO POLITICO MUNICIPAL AER  
CL.RUA PAI CRESPO, 15 BAJO  
36800 REDONDELA (CASCO URBANO) PONT

IMPORTE ABOAMENTO (1)  
IMPORTE ABOÑO (1)

COMISIÓN SI/ (1)

8.000,00 + TRANSFERENCIAS INTERIORES

CONCEPTO

DEVOLUCION ASIGNACIONES AOS GRUPOS  
POLITICOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE  
REDONDELA

BENEFICIARIO

CONCELLO DE REDONDELA

ABANCA Corporación Bancaria  
REDONDELA - ALAMEDA  
19 MAYO 2015

En **AER** cada trimestre ingresamos 1.200 euros, 900€ por grupo político mais 300€ por 1 concelleiro, que despois de catro anos de lexislatura nos deixan os seguintes números,

**Resumo Contas Asignacións ao Grupo Político Municipal AER na Lexislatura (maio2011 – maio2015):**

**Total Ingresado: 19.200€**

**Total DEVOLUCIÓN AER: 8.000€**

**Gasto medio Mensual: 233€**

**Gasto medio Anual: 2.800€**

**Gasto total lexislatura(4 anos): 11.200€**

A forma en que o Concello abona estes cartos como Asignación aos Grupos Políticos Municipais é trimestral. Esta dotación económica ao Grupo para o seu funcionamento, deberá contar cun compoñente fixo que é de 900€ no noso Concello, idéntico para tódolos grupos, e outro variable de 300€, en función do número de concelleiros/as de cada un deles.

Se ben a regulación estatal existente fai referencia a que as cantidades serán as que cada ano determine a “Ley General de Presupuestos”, nunca dita lei fixou ningún límite, polo tanto, cada corporación libremente determina o importe total a repartir entre os grupos políticos que a integran.

O precepto legal esixe a **cada grupo levar unha contabilidade da asignación que unicamente terá que poñer a disposición do pleno da corporación, cando este lla pida.**

Debido a que esa contabilidade lévaa o propio Grupo e só a mostra ao pleno cando este lla pide, algo que sabemos non pasa e que podemos comprobar nestes catro anos, a

contabilidade municipal só rexistra as saídas de fondos aos grupos, pero non ten os xustificantes do destino dado polo grupo a eses cartos.

Tendo en conta que ese diñeiro é diñeiro que o Concello asigna aos representantes electos polos veciños e os grupos dos que estes forman parte, para poder cubrir eses gastos derivados do funcionamento de ditos grupos, é de xustiza que dende AER devolvamos esta cantidade que non gastamos nestes catro anos, xa que non a necesitamos ata o de agora, para a fin para a que nos foi asignada. Por suposto devolvemos estes cartos a quen nolos deu, que foi o Concello de Redondela, ou mellor dito, todos nós!

Como sabedes, as nosas contas son públicas dende o 2011, ano de nacemento e constitución da **Agrupación de Electores de Redondela (AER)** e podeades consultalas en calquera momento na nosa páxina web: [www.aeredondela.com](http://www.aeredondela.com) e nos **boletíns AER Informa**, tamén en papel, cando son publicadas anualmente.

O que non temos tan claro, ante o descoñecemento público das contas do resto dos Grupos Políticos Municipais con representación no Concello de Redondela, e que nos preguntamos, porque nos custa un pouco entender vendo os números correspondentes ao noso gasto, é onde os demais grupos, en especial os mais representados, gastan estes cartos ingresados durante estes mesmos catro anos:

**PP** [ 10 concelleir@s]:

- ✓ 900€ por Grupo + 3.000€ total por Concelleir@s (300€ concelleir@ x 10)= **3.900€/trimestre**
- ✓ 3.900€ por trimestre x 16 trimestres (4 anos de lexislatura)= **62.400€ TOTAL Ingreso lexislatura.**

**PSOE** [ 8 concelleir@s]:

- ✓ 900€ por Grupo + 2.400€ total por Concelleir@s (300€ concelleir@ x 8)= **3.300€/trimestre**
- ✓ 3.300€ por trimestre x 16 trimestres (4 anos de lexislatura)= **52.800€ TOTAL Ingreso lexislatura.**

**BNG** [ 2 concelleir@s]:

- ✓ 900€ por Grupo + 600€ total por Concelleir@s (300€ concelleir@ x 2)= **1.500€/trimestre**
- ✓ 1.500€ por trimestre x 16 trimestres (4 anos de lexislatura)= **24.000€ TOTAL Ingreso Lexislatura.**

**AER** [ 1 concelleir@]:

- ✓ 900€ por Grupo + 300€ total por Concelleir@s (300€ concelleir@ x 1)= **1.200€/trimestre**
- ✓ 1.200€ por trimestre x 16 trimestres (4 anos de lexislatura)= **19.200€ TOTAL Ingreso Lexislatura.**
- ✓ **DEVOLUCIÓN: 8.000€**

**TOTAL ASIGNACIÓNS A TÓDOLOS GRUPOS POLÍTICOS NA LEXISLATURA: 158.400€**

Nós debemos recoñecelo, nestes catro anos non vimos que ninguén dera **CONTAS** das súas **CONTAS**, nin temos novas da súa publicación en ningures, como pensamos que debería ser, facendo así honra ao alarde da súa tan citada "transparencia" que non só deberían predicar, se non tamén practicar!!!

O que si, gustaríanos pedir dende aquí por se alguén nos está escoitando esta vez, de seguro que si, e debido a que nós non podemos elixilo, **que o Concello ou máis ben os seus dirixentes fagan unha boa xestión e uso deses cartos**, destinándoos quizais a gastos máis do antollo dos tempos que vivimos, coma pode ser e por dar algunha idea, ás necesidades básicas e prioritarias das persoas.